

ALGUNHAS REFERENCIAS DOCUMENTAIS DA DIÓCESE DE MONDOÑEDO NA DOCUMENTACIÓN MEDIEVAL DA CATEDRAL DE LUGO (SÉCULOS XI-XIII)¹

Manuel Mosquera Agrelo

Universidade de Santiago de Compostela

Entendendo por patrimonio, de acordo coa definición do diccionario da Real Academia da lingua española, o “conjunto de bens ou facenda que unha persoa ten herdado dos seus ascendentes”, preténdese con esta comunicación, aportar a noticia dalgúns elementos que, conservados durante xeracións, contribúen no enriquecemento e interpretación da historia da diócese de Mondoñedo-Ferrol ata o século XIV.

Desta maneira, os fondos documentais herdados e conservados ao longo do tempo, fundamentan e participan de forma decisiva no coñecemento da conformación do patrimonio dunha institución.

É por iso polo que temos proposto efectuar unha análise dos documentos medievais da catedral lucense, depositados tanto no Arquivo Histórico Nacional de Madrid, como no Arquivo Capitular de Lugo, para tentar o rastrexo dalgúns noticias que fagan referencia á presencia histórica da diócese mindoniense en distintos acontecementos históricos da sé de Lugo.

¹ A presente comunicación desenróllase no marco do traballo de recopilación de documentos para a realización da miña tese doutoral «A conformación dos grupos sociais no Lugo medieval: O Cabido catedralicio como corporación institucional e grupo de poder». Este traballo atópase actualmente en realización baixo a dirección do profesor Santiago Jiménez Gómez.

Manifestar o meu profundo agradecemento a don Amador López Valcárcel, coengo arquivero do Arquivo Catedral de Lugo, polas absolutas facilidades concedidas para a consulta dos documentos depositados neste arquivo.

Finalmente, manifestar a miña gratitud á Excelentísima Diputación Provincial de Lugo, pola súa colaboración na financiación da miña estadía investigadora nos arquivos lucenses, contribuíndo notablemente na realización deste traballo, ó posibilitar o coñecemento e a análise da documentación depositada nestes arquivos.

En consecuencia, resulta obrigado fixar a nosa atención nestes indicios que, non só en si mesmos significan un tesouro patrimonial, senón que tamén contribúen decisivamente na investigación das distintas circunstancias históricas de ambas institucións diocesanas.

Procederemos así -prescindindo de todas aquelas referencias puntuais de personaxes mindonienses que simplemente cumplen unha función confirmatoria no tenor documental- coa presentación e transcripción dalgúns dos documentos que, datados cronoloxicamente entre os séculos XI e XIII, nos informan tanto das relacións entre ambos cabidos (mindoniense e lucense), como da presencia patrimonial da diócese de Mondoñedo na cidade de Lugo.

Desta forma, inténtase contribuír cunha pequena aportación, na conformación e coñecemento do patrimonio histórico da diócese de Mondoñedo-Ferrol ó travesso, tanto da constatación dunha presencia documental, como da especificación dalgúns aspectos que caracterizarán as súas relacións con outras institucións veciñas ó longo do período medieval.

O INTRE DOS ACORDOS.

O primeiro texto que presentamos nesta escolma documental², resulta ser de datación moi conflictiva. Posiblemente, xa nas primeiras décadas do século XIII, o propio *Johannes Petri*, copista do Tombo Vello de Lugo, apreciou -no momento de facer a copia deste documento no tombo- as dificultades que supoña a cronomoxía fixada no pergameo orixinal. Probablemente por este motivo, o escriba optou por deixar un espacío en branco no intre de ter que copiar a data dende o texto orixinal.

Na última liña do pergameo mencionado, depositado no Arquivo Catedral de Lugo, figura como data dos acontecementos narrados a «era M^a C^a» ou, o que é o mesmo, o ano 1062. Non aparece mención algúnhha do día nin do mes. Pero a complicación estriba, precisamente, no ano especificado no pergameo, dificultade de que non pasou desapercibida para o Padre Flórez, tal e como manifesta na *España Sagrada*³.

2 Lugo, AC, Carpeta de pergameos soltos, nº 1. Orixinal en pergameo e minúscula diplomática.

3 «Del Obispo Albito: Desde aquí ocurren varias dificultades, pues en una escritura gótica de Lugo, Era 1080 (año de 1042) firma un obispo así: Sub Dei auxilio Aloitus Dumiente Sedis Episcopus, confirmat. Otra del mismo archivo en la Era mil y ciento (año de 1062) es una conmutación entre Aloito, Obispo de Mondoñedo, y sus Canónigos, con los de Lugo, sobre varios lugares en términos de ambos Obispados. De este no hacen mención los escritores, ni los documentos de su Iglesia. La dificultad es que antes y después de aquel año 1062 hallamos presidiendo en Mondoñedo a don Suero, o Suario II como se va a decir. Yo no sé si renunció Albito, y le sucedió Suario. En una, o en otra parte, habrá si no yerro en los números, o en los títulos» FLÓREZ, E.: *España Sagrada*. Madrid, Oficina de Antonio Marín, 1764. Vol. nº XVIII, p. 114-115.

Ademais, segundo os episcopoloxios que podemos manexar na actualidade, tanto para a sé de Mondoñedo como para o bispado de Lugo, ningún dos bispos que protagonizan o intercambio documentado no pergameo, seguiría ocupando a cátedra episcopal das súas dióceses no ano 1062.

Segundo o texto, Albito de Mondoñedo, contando co consentimento do seu cabido, decide executar con Pedro, bispo de Lugo, un intercambio de diversas propiedades –sobre todo de carácter eclesiástico – que dende tempos lonxanos eran motivo de disputa por parte das dúas igrexas diocesanas. De aquí temos que interpretar que éstes son os bispos protagonistas. O contido documental parece coincidir a xeito cos diversos intentos reformistas e restauradores do bispado de Lugo que Pedro I levou a cabo ó longo do seu episcopado. Sen embargo, segundo o episcopoloxio lucense de Antonio García Conde e Amador López Valcárcel⁴, Pedro I de Lugo goberrou a sé lucense entre os anos 1022 e 1058, dato que manifesta a posibilidade dun erro, xa na data, xa nas conclusións dos autores do episcopoloxio.

Os datos da diócese mindoniense parecen confirmar o erro na datación ó tempo que lle conceden certeza ós autores dos mencionados catálogos episcopais. A obra de Ramón Sanjurjo⁵ sitúa a Albito coma bispo de Mondoñedo no ano 1062, pero é precisamente a mención deste personaxe no documento que estamos analizando, a xustificación que argumenta este autor para establecer a cronoloxía deste bispo. Pola súa parte, J. Trashorras⁶, no artigo do “Diccionario de Historia Eclesiástica de España” confirma que Albito era xa bispo no ano 1042, e establece o ano da súa renuncia con anterioridade ó 1056, xa que neste ano documéntase a presencia de Suario de Mondoñedo no Concilio de Compostela (por outra parte, tamén de datación dubidosa). De tódolos xeitos, o que sí se documenta é a presencia do bispo Suario a carón de Fernando I na conquista de Viseo no ano 1057. Esto, novamente, confirma a dificultade de que o feito narrado no documento de intercambio teña acontecido nunha data tan tardía.

Sen embargo, aparte as posibles explicacións a este problema cronolóxico, o máis transcendente para esta comunicación é o contido do propio documento. O feito é simple. A cambio dunha serie de propiedades nas terras de Abeancos, Monterroso, Dorra e Asma, a sé de Mondoñedo parece conseguir unha serie de igrexas que demostran un interese na estructuración territorial da diócese mindo-

⁴ GARCÍA CONDE, A. – LÓPEZ VALCÁRCEL, A.: *Episcopologio lucense* (siglo X - 1900). Liceo Franciscano, Año XLIII. 2ª época. (Enero - Diciembre, 1991), 130 – 132.

⁵ SANJURJO Y PARDO, R. : *Los Obispos de Mondoñedo*. Lugo, Imprenta y librería de Soto Freire, 1854.

⁶ ALDEA, Q.; MARÍN, T. E VIVES, J.: *Diccionario de Historia Eclesiástica de España*, Madrid, CSIC, 1973. Concretamente a voz “Mondoñedo” redactada por TRASHORRAS, J.

niense, tanto polo emprazamento territorial das igrexas intercambiadas, como polo interese en solucionar e poñerlle fin ós litixios latentes entre a diocese de Mondoñedo e os bispados veciños nese proceso de asentamento e delimitación dun espazo diocesano confuso e moi discutido.

É precisamente este proceso de demarcación dos lindes da diocese, o que motiva que este mesmo acordo apareza de novo reproducido nun peculiar “rexistro de afrentas” redactado algúns tempo despois na catedral lucense. Este segundo pergameo (hoxe depositado no Arquivo Histórico Nacional de Madrid⁷), fai resumo dos diversos conflictos que a sé de Lugo mantén coas dióceses de Mondoñedo, León e Astorga, así como co mosteiro de Samos e ca orde do Hospital.

Non obstante, a pesar da multiplicidade de conflictos, o protagonismo principal neste texto correspondelle ós abusos exercidos pola diocese de Mondoñedo sobre as que o autor do documento considera propiedades do bispado de Lugo. Parece que os acordos decididos no pergameo do século XI non foron respectados por moito tempo e as discussións continuaron tal como acontecía con anterioridade ó intercambio. De feito, no documento depositado en Madrid, o escriba non só lle recorda ó bispado de Mondoñedo os termos do intercambio, senón que, ante as reclamacións e agravios cometidos pola diocese mindoniense, despois de copiar o texto do acordo, o amanuense explicita interesadamente os límites diocesanos que dende a Alta Idade Media definían o territorio da sé lucense a partir do diploma dos 11 condados. Deste xeito, no texto do segundo documento que estamos a tratar, reproducíense os límites dos condados lucenses (o segundo e o undécimo) que demarcarían o territorio con respecto do bispado de Mondoñedo⁸.

De tódolos xeitos, e a pesar dos conflictos que afectan a estas propiedades ó longo dos séculos medievais, o certo é que por diversos documentos, sabemos da efectividade do intercambio manifestado no acordo. Sen embargo, este feito non impidiu as reiteradas reclamacións da diocese Mindoniense, que, non conforme con prescindir das igrexas da terra de Abeancos, converteu esta comarca en obxecto de litixio e reclamacións constantes entre ambas dióceses. Este proceso queda reflectido na documentación papal dirixida á sé de Lugo nos séculos XII e XIII, así como no preito polas igrexas de Abeancos que ambas dióceses mantéñen nos anos finais do século XIII.

⁷ Madrid, AHN, *Sección de Clero Lugo*, Cat., Carp. 1325 B, doc. nº 12. Copia do século XII en carolina e pergameo

⁸ Madrid, AHN, *Sección de Códices*, nº. 1043-B, fol. 5v-6v., doc. nº 6. No ano 572 (era DC^a. X^a), Miro, rei dos suevos, confirmalle ó bispo e igrexa de Santa María de Lugo a tenencia e dominio dos once condados que se nomean e delimitan pormenorizadamente no documento.

De certo que este documento requiriría dun tratamento máis profundo, tanto nos aspectos da crítica documental como no referente ós datos concretos estipulados no intercambio. De tódolos xeitos, o noso principal obxectivo nesta comunicación é o de facilitar uns instrumentos de traballo que, tal como temos manifestado na introducción, incrementen o patrimonio documental mindoniense. Por isto, procedemos de seguido coa transcripción deste primeiro documento.

* * *

Documento nº .1

Ano 1062 (¿?)

[Probablemente entre os anos 1024 a 1056]

Fragmento no que se dá conta do intercambio de propiedades feito entre a igrexa de Mondoñedo, co seu bispo Aloito, e a de Lugo, co seu bispo Pedro I.

- A₁. Lugo, AC, Carpeta de pergámeos soltos, nº 1. Orixinal en pergámeo e minúscula diplomática.
- A₂. Madrid, AHN, Clero, Lugo (Cat.), Carp. 1325 B, doc. nº 12, Copia do século XII en carolina e pergámeo (datado erroneamente no ano 1068). Tan só se copia no Tumbo Vello un fragmento do contido deste pergámeo.
- B. Madrid, AHN, Códice 1043-B, fol. 50v.-51r., doc. nº 107.
- C₁ Madrid, AHN, Códice 267-B (Tumbo Novo), fol. 201r.
- C₂ Madrid, AHN, Códice 267-B (Tumbo Novo), fol. 241r.-242r.
- C₃ Lugo, AC, Carpeta de pergámeos soltos, nº 1. Copia en papel do século XVIII (Cosida no pergámeo orixinal - A₁ -).
- C₄ Lugo, AC, Tumbillo Pablo Rodríguez, nº. 111, fol. 123r.- 123v, e nº 114, fol. 126v. (Data no ano 1062)
- C₅ Lugo, AC, Memorias de Piñeiro, vol. V, fol. 342-343.
- O pergámeo orixinal de A₂ ten unha lonxitude de 360 mm de alto x 165 mm de ancho e atópase nun bo estado de conservación, aínda que parece apreciarse, polo contido fraccionario da última liña, que o documento continuaría facendo relación dos ataques acontecidos contra a integridade territorial da diócese de Lugo e que na actualidade o documento está incompleto. As palabras dispostas entre corchetes, de difícil ou imposible lectura no pergámeo orixinal, están tomadas partindo da copia do Tumbo Vello.

Commutatio et datio inter Lucensi et Minduniensi ecclesias facta.

Aloit⁹⁰ Dei gratia Minduniensis⁹¹ episcopus una cum consilio [canonicorum congregacionis] Sancti Martini, facio commuta-⁹²-tionem cum Petro Lucensi episcopo, et cum suis canonicis [omnibus].

Hec et enim est] commutatio damus [vobis] ⁹³ ecclesias nostras quas habemus in terra de Monte Roso, et famili[as cum su]is tributis. Id est: ecclesias que sunt ⁹⁴ in Abiancos⁹⁵, et familia; Ecclesias⁹⁶ que sunt in Dorra cum familia et tributis. Et ecclesias que sunt in Asma ⁹⁷ cum tributis atque familia. Sicut nos modo teneimus⁹⁸ in partem Minduniensi⁹⁹ sedis, ad huc etiam et homines ⁹¹⁰ et tributa. In terra de Novelua. Et accepimus a vobis Episcopo domno Petro Lucensi, et vestris canonicis, ecclesias quas hab-⁹¹-etis in terra de Balestari. Id est: ecclesiam Sancte Eulalie de Duancos, Ecclesiam de Munderiz⁹⁹, Ecclesiam de Ludrio⁹¹⁰, ⁹¹¹ Ecclesiam Sancte Eolalie⁹¹ de Donpin⁹¹, Sancti Iacobi de Duaria⁹¹¹, Ecclesiam de Luentena, Sancti Iacobi de Iustanes, ⁹¹² Sancte Marie de Triavada, Item Sancte Marie de Superata⁹¹², Sancti Petri de Tabuloni, Sancti Iuliani de Malones, ⁹¹³ Sancti Martini de Lamas, Sancte Marie de Balestari, Sancte⁹¹³ Eolalie de Arciliana, Ecclesiam de Damir, Sancti Salvatoris ⁹¹⁴ de Damir, Sancti Iacobi de Felmir⁹¹⁴, Sancte Marie Alta, Sancte Marie de Trobano, Ecclesiam de Gavoli,

(i) Reprodúcese neste documento tan só un pequeno fragmento do contido na versión do pergameno A2. Transcribimos de seguido o fragmento que nesta versión (A2) se dispón con anterioridade ó texto do pergameo do Arquivo Catedral de Lugo (A1) :

«Petit libi restitui Lucensi ecclesia quedam que incitare indubitan tes possedisse per longa tempora ex donationem regum et principum. de quibus etiam exhibevit instrumenta autentica pro loco et tempore. que quia modo alienta invenit. de iure conqueritur et a Sanctitatem vestra devote postulat sibi super hiis iusticiam exhiberi. contra Minduniensi videlicet de aliquanta parte sue diocesis. sicut in hoc scripto continetur. Aloitus...»

(ii) A1: Mindoniensis

(iii) A1: Aviancos

(iv) B: et Ecclesias

(v) B: eas tenemus

(vi) B: Mindoniensi

(vii) B: Monderiz

(viii) B: Ludro

(ix) B: Eulalie

(x) B: Donpim. A2:Dunpim

(xi) B: Duoria

(xii) B: Superada

(xiii) B: Sancta Eulalia

(xiv) B: Filmir

Sancti Iacobi de /¹² Bogonti^(xv), et Sancti Petri de Bogonti^(xvi), Sancti Laurencii de Petroso, Sancti Iohannis de Laureiros^(xvii), super istas ecclesias /¹³ semper interfuit^(xviii) contemptio^(xix), et inter decessores nostros quomodo^(xx) unusquisque nostrum quod accepit firmiter teneat evo perhenni Factum. In Era M^a C^a^(xxi)

[1^a Columna]

Aliotus episcopus confirmat. Nos omnes canonici Sancti Martini confirmamus

[2^a Columna]

Vimara testis. Ero testis. Froila testis.

Nota.

Completabamos a transcripción do documento a partir deste punto coa versión de A₂:

Vimara ts. Ero ts. Froila ts. Quod vero iste ecclesie et alie ad Lucensi ecclesiam spectent iure proprietatis probatur per divisionem secundi et undecimu comitatum, in hunc modum:

Secundus vero comitatus, Superata dicitur. Oritur ubi ingreditur flumen Rovora in Mineo, procedens ad villam de Francos per medium, vadens ad Portam Samesugarias dictam, et inde ad locum dictum Aquacadic in directum exiens ad Petram Maiorem, extenditurque ad Pauli, per illam antiquam veredam exiens ad Benati villam, veniens ad Petram Curvam, et inde per Montium Cacumina, per illos iam prefatos terminos, primi comitatus usque ad Campum Furco dictum, ipse etiam comitatus ex alia parte incipitur in Balestar, procedens in directum ad Fontem Minei fluminis, protendens ad verticem Montis Lua, exiens linea recta ad flumen dictum Euve, et inde ad Penam Pardam, et vertitur ad Montem Palumbarium, deinde ad Penam Furatam procedens ad fontem frigidam Montis Timoni.

Undecimus comitatus Monte Negrensis dicitur, incipitur ubi intrat Latra in Mineo, et venit ad illa Serra de Sancta Cruce, pertransit in directum ad Maregane veniens ad Corviti, per transiens, ad castelum Aranga venit, finitur-

(xv) A₁ e A₂: Sancti Iacobi de Bogonti et ? B: Sancti Iacobi et

(xvi) A₂: Bogonti; B: Begunti

(xvii) A₂: Laureiros; B: Loureiros

(xviii) B: fuit

(xix) B: contemcio

(xx) B: Amodo

(xxi) A₁ e A₂: in Era M^a. C^a. No Tumbo Vello de Lugo non se copia a data e déixase un espacio en branco dunha lonxitude de 2 cm.

que in littore maris, ex illa alia parte incipitur ad illa ponte de Balestari, vadit in directum donec intrat Raicosa in Mineo, et venit ad Montem Egebral pertransiens ad Nebulario Montem, in directo finitur ad Flumem Euve, ibi intromittitur in mare.

Preterea conqueritur Lucensi ecclesia adversus Mindoniensi, quod detinet ei ecclesias quasdam possessiones villas et familias violenter occupatas, videlicet in sancta Maria de Balestar, villas et familias; item in Balestar iuxta ecclesiam Sancte Eolalie, villam; in Ripa Minei, villam de Ruvinos; in monte Nigro, ecclesiam Sancti Petri de Lencous. In Aurio, ecclesiam Sancti Vincentii cum familia et villa quod dicitur Centoia. In Vallibria, ecclesiam Sancti Petri de Turre; in Sour, ecclesiam Sancte Marine que fuit Archis Matrita, cum canali et saltu et familia, ecclesiam Sancti Martini que est fundata in insula Miranti cum familia. In Urticaria, ecclesiam Sancte Eolalie de Ladridu, et ecclesiam Sancti Mameatis de Nendoi, ecclesiam Sancti Iacobi de Mera, cum familia; item in Ripa de Sour in Urticaria ecclesiam Sancti Iacobi de Cereda cum suis piscariis; Ecclesiam Sancti Pelagii de Monte Rotundo, Ecclesiam Sancti Vincencii de Vilar Ferraria; in Sarria, ecclesia Sancti Petri de Septem Ventis.

Preterea conquiritur lICENSEM ecclesia adversus Legionensem, quod violenter et iniuste detinet ei archidiaconatum de Navia, de Tribus Castellis, et de Valle Carceris, cum possessionibus multis et hereditatibus.

Item adversus Astoricensem quod occupat Queirogam et omnes ecclesias quas includit Burvia sicut intrat in flumen Sile.

Item conquiritur Samanensis abbatem, quod violenter detinet quasdam ecclesias, et hereditates, villam scilicet Medianam et villam Astrgis cum ecclesia Sancti Iacobi de Ranilli. Ecclesiam Albam in Lemos quam Odoarius quandam lICENSEM episcopus et Nepocianus venientes ab Africa, fundaverunt et testamentum ex ea fecerunt, in Paramo ecclesiam Sancte Marie de Belanti et quod gravius est ad tolerandum in omnibus ecclesiis de cauto suo et in quibusdam aliis extra cautum suum, praeter viris ordinem presumere do extendit manum ad spiritualia, et usurpat instituere archidiaconum personas in dictis ecclesiis, et quandocumque destituere in consulto diocesano episcopo sola sua duelus voluntate.

Item conquirit adversus Hospitalarios quod in Ponte Minei novam construunt ecclesiam, in loco ad nos pertinente iure proprietatis et possessionis longo tempore et crescente plebecula retinetur cen[sus] nobis debitus tam in cera, tam in votis, quam in aliis. Preterea excommunicatos nostros tam in vita quam in morte nobis inconsultis, nonnunquam recipuerit. In super quod violenter occupant nobis ecclesiam Sancte Marie de Quartapeza. Quod vero ecclesia Sancti Nicholai de Ponte Minei ad Lucensi ecclesiam [última linea prácticamente ilexible.]

A PRESENCIA FÍSICA.

A pesar das discordias e múltiples confrontamentos entre as dióceses, tamén existían elementos de contacto entre os bispados de Lugo e Mondoñedo. No marco do emerxente proceso de urbanización da Galicia medieval, con tódalas novas circunstancias socioeconómicas que esto implica, as diversas institucións loitan por xogar un papel preponderante que lles permita participar dos privilexios que supón o entorno das cidades.

En canto tal institución, o bispado de Mondoñedo non permanecerá á marxe dos beneficios (de carácter social e, sobre todo, económicos) que se extraen da presencia nunha cidade coma o Lugo da Plena Idade Media. É neste intre cando a urbe lucense está inmersa nun profundo proceso de organización e estructuración no eido urbanístico, económico, político e socio-institucional.

Neste senso, e seguindo as ideas formuladas polo profesor Santiago Jiménez na súa tese doutoral sobre a cidade de Lugo no século XIII⁹, resulta case que unha entelequia falar de Lugo como cidade con anterioridade ós séculos XII e XIII. A ocupación do espacio, a apropiación dos distintos inmobilés da urbe, o establecemento das distintas referencias e fitos topográficos da cidade, así como a xeneralización e plena constancia das diversas actividades artesanais e a loita polo dominio señorial sobre a cidade, falan ás claras dunha cidade que está medrando mentres, ó mesmo tempo, acontece o seu proceso de conformación.

É precisamente este o ámbito no que constatamos a presencia de propiedades do bispado de Mondoñedo en plena cidade de Lugo. As referencias documentais coas que contamos, non pasan de ser noticias colaterais que nos facilitan o coñecemento da súa existencia e o emprazamento destas propiedades. Sen máis noticias en toda a documentación medieval da catedral lucense, descoñecemos máis datos específicos sobre as circunstancias xurídicas ou os usos económicos que se lle teñan dado a estas pertenzas.

Cronolóxicamente, a primeira constatación de propiedades do bispo de Mondoñedo na cidade de Lugo data do ano 1212. Neste caso fálase dunha *cortiña* do bispo de Mondoñedo, pero, nos seguintes documentos, xa se fai referencia á propiedade das casas do bispo mindoniense. Segundo os tres documentos que presentamos a continuación, estas casas estaban situadas no camiño que ía dende o *Carvallal* ate a *Ferraria*, dispostas, practicamente, no centro xeográfico do espazo interior das murallas, e moi próximo ás rúas medievais de *Batitales*, *Veremudo*

⁹ JIMÉNEZ GÓMEZ, S.: *Discurso, documento y territorialización en el ámbito de la sociedad lucense del siglo XIII (1180-1302)*. Tese doutoral inédita, Santiago de Compostela, 1989.

Sancii ou da mesma Rúa Nova da cidade lucense. Sen embargo, esta centralidade xeográfica non tiña correspondencia coa importancia da zona dentro da actividade da cidade.

Precisamente, nesta mesma zona, e non moi tempo despois, acontecerá o asentamento dos conventos das novas ordes mendicantes. Esta implantación de Franciscanos e Dominicos na área onde se atopan as casas mindonienses pode evocarnos algúnsha conclusión significativa para a historia da urbe lucense. Pasados algúns anos, non podemos constatar ningunha outra referencia ás propiedades mindonienses na cidade de Lugo. Este proceso resulta sorprendente, xa que a utilización destas propiedades como referencia topográfica debería ter perdurado no tempo, incluso aínda que as propiedades tivesen trocado de dono. Unha posibilidade a ter presente sería a de que as casas mindonienses tivesen sido derrubadas, hipótese que cobra máis visos de veracidade si analizamos polo miúdo a última noticia que fai referencia a estas casas e que se documenta no arquivo mindoniense. No folio 88v. do tombo *P* da Catedral de Mondoñedo, e seguindo nesta referencia a don Enrique Cal Pardo¹⁰, atopase un documento data-do no 4 de decembro de 1282, polo que o bispo don Nuño II entrégalles ós relixiosos de San Francisco as casas que o cabido mindoniense tiña en Lugo, compensando ós capitulares mindonienses coa doazón do arciprestazgo de Lourenzá. A coincidencia desta concesión á orde franciscana coas datas nas que algúns autores confirman a presencia e asentamento dos frades menores na cidade de Lugo¹¹, fai contemplar a posibilidade de que o convento de San Francisco de Lugo se esté a construír no mesmo solar das casas do bispado de Mondoñedo que dende este intre non voltarán a aparecer referenciadas na documentación lucense, tal vez por ser derrubadas para proceder coa construcción conventual.

Estes feitos transmítennos a imaxe dun entorno en expansión, en proceso de crecemento, pero aínda certamente marxinal e alonxado dos centros máis activos establecidos no entorno catedralicio, na Porta Miñá ou no Burgo Novo. Mais esta relativa marxinalidade, favorece que as dependencias mindonienses se empracen na proximidade dalgúns dos barrios máis significativamente industriais da cidade, moi preto dos profesionais do ferro ou dos curtidos, o que acentúa o posible carácter económico da situación xurídica do bispo de Mondoñedo como “veciño de Lugo”. Non obstante, non é a sé de Mondoñedo a única institución que busca o aproveitamento dos dereitos inherentes ó privilexio de ser considerado coma veciño da cidade. Constátanse tamén na documentación -tal como no seu momen-

10 CAL PARDO, E.: “Episcopologio mindoniense. Baja Edad Media”, *Estudios Mindonienses*, 14, (1998), p. 549.

11 PÉREZ MARTÍNEZ, M.: “Arquitectura mendicante en Galicia: el ejemplo de San Francisco de Lugo”, *Estudios Mindonienses*, 12, (1996), pp. 13-190.

to xa apuntou o profesor Jiménez- que outras institucións coma os homes de Viveiro, o mosteiro de Meira, o de Carracedo ou o convento de Bonaval dispoñen tamén de propiedades inmobles na cidade, probablemente nunha situación similar á que vimos comentando para as casas do bispo de Mondoñedo.

Resulta importante poder comprobar desta maneira a influencia que o establecemento no lugar elixido como asentamento das propiedades vai significar para a propia evolución dun espacio urbano previamente marxinal. Deste xeito acontece unha particular interrelación entre un elemento que se asenta na cidade na busca dunhas circunstancias económicas concretas e que, ó mesmo tempo, actúa como propulsor do proceso de urbanización do entorno no que se asenta.

Sen afondar máis no que respecta a esta temática, procedemos coa transcripción destes tres documentos que reafirman a relación —aínda que indirectamente— do bispado de Mondoñedo coa cidade de Lugo.

* * *

Documento nº. 2

Era M^a. CC^a. L^a. año 1212 - 08 - 21.

Os matrimonios formados por Onega Martini co seu marido Veremudo Pelagii, e Marina Martini co seu marido Martino Faro, véndenlle a Ruderico Ruderici á súa muller, Lupe Froile, as casas que posuían na cidade de Lugo, propiedades que estaban ubicadas na rúa que vai á Rúa Nova polo Carvaliale e que remata nas cortiñas que lles pertencen á alberguería e ó bispo de Mondoñedo, cobrando por elas a cantidade de 125 soldos.

- A. Madrid, A H. N. Sec. Clero, Lugo (Cat.), carp. 1326F, doc. nº 20. Pergameo de 95 mm de alto x 245 mm. de ancho en regular estado de conservación e moi borroso nalgunhas seccións da parte superior dereita do texto.

(*Christus*) In Dei omnipotentis nomine. Ego Onega Martini cum marito meo Veremudo Pelagii, et ego Martina /² Martini cum marito meo Martino de Faro, vobis Ruderico Ruderici et uxori vestre Lupe Froile. Liben-/³-ti animo, nullo cogente, vel suadente, facimus cartam venditionis casarum nostrarum quas habuimus a patre /⁴ nostro Martino Saber et a matre nostra Urracha Petri in civitate Lucensi, in rua venienti a Carvaliale ad ru-/⁵-am novam per ante casam Froile Rinaldi, inter casam Benedicti Martini, et casale dos Bochazas, et finiunt retro /⁶ in cortina albergarie, et in cortina episcopi minduniensis; damus eas vobis cum omnibus pertinentiis suis et accipimus a vobis /⁷ pro eis, C.XX.V. solidis monete regis Legionensis.

A modo faciatis de eis totam vestram voluntatem, et posteritas vestra post /⁸ vos, nostro dominio remoto et potestate. Si vero aliquis contra hoc venerit, vel vene-

rimus, quod calumpniatus fuerit du-/º-plicatum vobis restituat, et hoc scriptum inviolatum permaneat.

Factum est, Era M^a. CC^a. L^a. et quot .XII. kalendas /¹⁰ septembbris. Tempore Regis domni Adefonsi. Episcopi Lucensi domni Ruderici. Maiorini, Petri Pelagii. Sagionis, Martini /¹¹ Pelagii. Ego prefata Onega, et ego Marina cum maritis nostris prefatis roboramus et confirmamus (*signum*) Qui presentes fuerunt.

[1^a Columna]

Petrus Veoz ts. Martinus Didaci ts. Petrus Francus ts.

[2^a Columna]

Micahel Petri ts. Veremodus Pelagii ferrarius ts. Martinus Mansus ts.

(*signum*) Romanus lucensi notarius notuit.

* * *

Documento nº. 3

Era M^a. CC^a. L^a. XIII^a año 1226 - 01 - 09.

O matrimonio formado por Benedictus Martini e a súa muller, María Martini, querendo establecer un aniversario pola alma de Ruderico Vimareez, fixan a cantidade de 3 soldos sobre a casa que posúen na rúa que vai dende o Carvaliale ate a Ferrería, pasando por diante das casas do bispo de Mondoñedo. No caso de non satisfacer o pago da cantidade estipulada, a casa pasaría a ser propiedade do Cabido lucense.

- A. Madrid, A H. N. Sec. Clero, Lugo (Cat.), carp. 1327C doc. nº 1. Pergameo de 220 mm. de alto x 115 mm. de ancho en moi bo estado de conservación, con unha superficie clara e sen manchas nen roturas.

Era M^a. CC^a. LX^a. IIII^a. et quot .V^o. idus ianuarii. No-/²-tum sit tam presentibus quam futuris, quod Ego Benedictus /³ Martini et uxor mea Maria Martini assignamus /⁴ vobis Lucensis Canonicis .III. solidos probate monete annua-/⁹-tin per domum nostram et exitum eius, quam comparavi-/⁹-mus de Lupo Munionis filio Munionis Ganso et /⁷ de matre eius Gudina Pedelupo, que casa est in Lu-/⁸-cense civitate, in rua venienti a Carvaliale ad /⁹ ferrariam, per ante casas Minduniensi Episcopi inter /¹⁰ casam que fuit de Guterri Iohannis et alias casas meas /¹¹ quos III^{es}. solidos habebatis, super aliam casam nostram quam /¹² habebamus in Porta Minea, in fronte Putei ipsius /¹³ rue, pro aniversario Ruderici Vimareez.

Ita quod si /¹⁴ nos vel vox nostra vobis in pace predictos ad posi-/⁹-tum terminum aniversarii non reddiderimus, vos si-/⁹-ne contradictione aliqua, recipiatis vobis

predictam /¹⁷ domum et exitum eius cum totis pertinenciis suis omnibus. /¹⁸ Nos vero predicti Canonici hoc totum sic robora-/¹⁹-mus et confirmamus.

Qui presentes fuerunt. Archidiaconus /²⁰ dominus Martinus ts. Archidiaconus dominus Pelagius ts. /²¹ Archidiaconus dominus Adefonsus ts. Judex dominus Johans /²² ts. Magister Vivianus ts. Magister Johans ts. dominus /²³ Munio Canonicus ts. Fernandus Petri canonicus ts. /²⁴ Lupus Petri canonicus ts. /²⁵ Pelagius Veremudi Lucensis notarius notuit.

* * *

Documento nº. 4

Era M^a. CC^a. LX^a. VII^a. año 1229 - 06 - 22.

Pelagius Petri e os seus fillos, Petrus e Dominicus Pelagii, xunto cá filla do primero destes Urraca Laurencii, véndenlle ós coengos do Cabido de Lugo D. Menendo, Johanni Micahelis e magistro Johanni, unha casa situada na cidade de Lugo, ubicada na rúa que vai dende o Carvaliale á carnicería, por diante das casas do bispo de Mondoñedo, recibindo pola venta a cantidade de 9 libras leonesas.

- A. Madrid, A H. N. Sec. Clero, Lugo (Cat.), carp. 1327D. doc. nº 4. Pergameo de 306 mm. ed ancho x 100 mm de alto, ben conservado e con escasas manchas na superficie do documento.

(*Christus*) Rectum est scribi quod non opporeat oblivisci. Unde Ego Pelagius Petri cuttellarius, et nos filii eius. Videlicet Ego Petrus pelagii et uxor mea Urraca Laurencii. Et /² Ego Dominicus Pelagii, vobis domno Menendo Canonico, Johanni Micahelis, et magistro Johanni Canonicis Lucensis, peccatoribus testamenti Johannisi Castanei bone memorie quondam vestri /³ concanonici, libenti animo, nullo cogente vel suadente facimus cartam vendicionis, cuiusdam case quam habemus et habere debemus in Lucense civitate, in rua venienti /⁴ a Carvaliale per ante casas Minduniensi Episcopi, ad carnizariam, inter aliam casam canoniconorum que fuit Garsie Martini, et casam Petri Alviti fabri, et Fernan-/⁵-di Pelagii acoliti; vendimus vobis predictam casam cum aquavertibus suis, et cum aliis pertinenciis suis omnibus.

Et accipimus a vobis pro ea VIII. libras Legionensis. Ad opus /⁶ anniversarii annuatim prefati Johanis Castanei. A modo faciatis faciatis (*sic*) de ea, totam vestram voluntatem, et posteritas vestra post vos, meo dominio remoto, et potesta-/⁷-te.

Si vero aliquis contra hoc venerit vel venerimus, quod calumpniatus fuerit duplcatum vobis restituat. et hoc scriptum inviolatum permaneat. Factum est, Era M^a. /⁸ CC^a. LX^a. VII^a. et quot .Xº. kalendas Julii. Tempore Regis domni Adefonsi.

Episcopi Lucensi, domni Micahelis. Maiorini Munionis Martini. Sagionis Froile Ruderici. Nos prefati ven-/º-ditores roboramus et confirmamus. (*signum*)

Qui presentes fuerunt,

[*1ª Columna*]

Pelagius Sobrinus canonicus ts. Martinus Ruderici canonicus ts. Pelagius Iohanis presbiter ts.

[*2ª Columna*]

Micahel Petri diaconus ts. Fernandus Froile pelliparius ts. Petrus Alvitiz faber ts.

[*3ª Columna*]

Micahel Golan ts. Nuno Quebrantadus ts. Petrus Nuniz frenarius ts.

[*4ª Columna*]

Petrus Formica diaconus ts. Petrus Martini subdiaconus ts. Petrus Artarius ts.

(*signum*) Pelagius Veremudi Lucensis notarius notuit.

A XEITO DE CONCLUSIÓN.

Posiblemente queden fora deste traballo outros documentos tan significativos como os que vimos de transcribir de cara a plasmar a presencia textual da diócese mindoniense no corpus documental de Lugo. Sen embargo, os obxectivos desta comunicación obrigan a manter uns criterios de profunda selección de materiais, factor determinante que impide a realización dun exercicio máis coiddado e sistemático.

O que se acaba de presentar pode parecer un esforzo sinxelo. Sen embargo, partindo de escasos documentos, temos falado de múltiples aspectos que definen a época medieval. Por unha banda temáticas de carácter eclesiástico como por exemplo as relacións entre as igrexas, os seus diversos conflictos ou a estructuración territorial das dióceses. Por outra banda observouse o proceso de urbanización nun intre decisivo na estructuración e definición da cidade de Lugo. Os diferentes factores socio-institucionais emerxen dos diversos textos para definir bispados, cabidos, mosteiros, señoríos ou protagonistas do artesanado e do comercio.

O máis importante desta tarefa é poder documentar e concluir que, incluso fora dos seus límites xeográficos, a diócese de Mondoñedo participou activamente como coprotagonista destes factores definitórios da época medieval.

Quedan fora destas páxinas outros documentos lucenses nos que aparecen as primeiras noticias sobre a sé de Britonia ou sobre a súa destrucción. Temos prescindido tamén de documentos xenerosos en palabras como é o caso do preito sostido nos finais do século XIII por causa do patronato das igrexas da comarca de Abeancos -preito que xa fora tratado por don Buenaventura Cañizares nun traballo publicado no ano 1944-. Case que obrigatoriamente, dende os primeiros pasos do traballo estableceuse o principio de non proceder ca análise dos diversos personaxes de procedencia mindoniense que figuran como confirmantes nos textos lucenses. Este exercicio indicaría a presencia de bispos, coengos, xuíces ou arcediagos cunha función activa na conformación do patrimonio documental do bispado de Lugo. Os documentos papais, as confirmacións de posesións ou de límites diocesanos e diversas mandas testamentarias axudarían a completar este panorama.

En definitiva, trátase de dispoñer as primeiras formulacións dun traballo que a partir destas páxinas queda esbozado de xeito orientativo para poder proceder no futuro cunha profundización necesaria e imprescindible.